

# O avance do sufraxismo

No século XIX, a mediados do século, foi cando xurdiron no mundo occidental as primeiras organizacións en defensa do dereito ao sufraxio feminino. As pioneiras foron as mulleres inglesas, que en 1866 fundaron baixo a dirección de Millicent Fawcett o *National Union of Women's Suffrage Societies*, e as estadounidenses, que en 1869 crearon a *National Woman Suffrage Association* grazas a Susan Anthony e Elisabeth Candi, sendo esta última unha das líderes en 1848 da Convención de Seneca Falls, na que se denunciaron as inxustizas e vexacións sufridas polas mulleres ao longo da historia.

No Estado español, a primeira manifestación feminina que saíu á rúa en petición do dereito ao voto para a muller produciuse no contexto do bienio progresista (1854-1856), coincidindo cunha etapa na que afloraron toda unha serie de reivindicacións da democratización da vida política.

Este feito foi obxecto de mofa entre algúns sectores sociais e o diario madrileño *La Unión Liberal* daba conta así deste acontecemento: “eran catro solteironas afeccionadas a falar de política e algunha que outra poetisa, roída polo demo da publicidade, dadas a defender os dereitos das señoras mulleres e a súa emancipación.”

Xa en Galiza, outro fito salientábel na loita polo recoñecemento dos dereitos políticos das mulleres foi a proclama pública en defensa do sufraxio feminino de Salvador Parga Torreiro, no discurso que inauguraba o curso 1870-1871 da *Universidade de Santiago*. En 1901 licenciouse a primeira muller na USC, na facultade de Farmacia.


Asemade, no proxecto de Constitución para o Estado galego elaborado na *Asemblea Federalista de Lugo* en 1887 recollíase o dereito ao voto das mulleres, aínda que con grandes limitacións.

Tamén algúns colectivos como as *Irmandades da Fala* incorporaron a defensa da igualdade política entre homes e mulleres nos seus textos oficiais, como foi o caso do *Manifesto da Asemblea Nazionalista de Lugo* de 1918:

Artigo 1º do capítulo III dedicado aos “problemas políticos”, menciónase a “igualdade de dereitos pr-a muller”

Artigo 21 das conclusións da *II Asemblea Nazionalista Galega* (Santiago 1919), recóllese a “igualdade absoluta, política e civil, da muller co home”.

No seo desta agrupación naceu unha sección integrada só por mulleres: *As Irmandades Femininas*, sendo a primeira en crearse a da Coruña.



Manifesto da Asemblea nazionalista de Lugo, páxina 4, 1918



A Nosa Terra, 5-2-1919

A Nosa Terra, 5-12-1918